

COFFE AND CIGARETTES



Tít. orixinal: *Coffe and cigarettes*

Ano: 2003

Duración: 96 min.

País: EE.UU.

Director: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Fotografía: Frederick Elmes

Reparto: Roberto Benigni, Steve Buscemi, Cate Blanchett, Bill Murray, Alfred Molina, Iggy Pop, Tom Waits, Steven Wright, Joie Lee

Productora: Smokescreen / Asmik Ace / Bim

Xénero: Drama

Non recomendada para menores de 18 anos

Sinopse: Unha serie enlazada de curtametraxes que compoñen unha longametraxe. Cada secuencia amosa a diversas personaxes sentadas ó redor dunha mesa, tomando café, fumando cigarriños e discutindo diversos temas como a correcta preparación do té inglés, as teorías sobre a conspiración contra Elvis Presley, Abbot & Costello, a ficticia banda de rock SQUËRL, París nos anos vinte ou o uso da nicotina coma insecticida, entre outros temas.

A conxura dos trasnoitados por Juan Eduardo Murillo

(tomado de <http://www.lafuga.cl>)



Nun breve ensaio sobre o cine de Jarmusch, David Oubiña subraia a case indiscutible vocación independente, incorruptible e rebelde deste director nacido en Ohio, cuxa segunda filme, "Stranger Than Paradise", foi comezada grazas a que Win Wenders lle agasallara o material sobrante da película "O estado das cousas". Máis adiante, Oubiña reproduce certo esbozo de manifesto do propio Jarmusch, inspirado polos consellos moribundos e sacramentalmente virís de Nicholas Ray; "un cine que se poda rodar libremente polas rúas e decorados naturais, cun grupo de actores e técnicos suficientemente pequeno como para

escaparse rapidamente no caso de que se presente a policía". Palabras máis, palabras menos, en esencia é o mesmo principio que abrazou a Nova Onda francesa, o Free Cinema ou o Dogma 95, soamente que convertido en chiste grazas a ese humor pragmático do estadounidense aveciñado en Nova Iorque.

Cada unha das curtametraxes que compoñen a versión final de "Coffee and Cigarettes" (lembrems que o primeiro C&C foi estreado en 1986 coma unha curtametraxe unitaria, a de Benigni, que incluso gañou Cannes) reafirman unha vocación contestataria e separatista, máis aínda cando cada curtametraxe proclama a súa absoluta independencia respecto da propia filme cara a cal deben os seus actores, equipo técnico, localización e presuposto. Neste senso, cada curtametraxe é un escape, non xa da policía, senón do mesmo filme, o que á súa vez se encontra en constante asedio e vixilia; unha fuga da película e os seus estritos e sacrificados compromisos,

pequeno ladrón que socializa os tempos mortos de rodaxe, goloso acumulador de descartes, en todo caso distraído artesán que, equipado da súa ferramenta esencial, é capaz de construír con ela tanto unha casa como de reparar unha bicicleta abandonada que pode servirllle para volver ao seu fogar por un camiño distinto.

E, sen embargo, percibimos xa o voluntarismo do rebelde que persiste vivir nunha casa Okupa cando todos saben que paga arrendamento. A diferenza tal vez, de Hal Hartley, Jon Jost ou Rose Troche, quen probablemente seguen sen ter permisos de filmación, a Jarmusch ninguén lle prohibe nada a estas alturas, ninguén o corretea polas rúas. Ao contrario, é el mesmo quen se autoimpón un hipotético derradeiro cigarriño en "Blue in the face", de Wayne Wang. As propias personaxes das súas curtametraxes non son xa aqueles excesos ou residuos de certa sociedade post-hippie, pre-punk ou o que sexa; Bill Murray está gozando do "comeback" da década; Tom Waits e Iggy Pop ocupan un reverencial proscenio xeneracional, e non lles vai nada mal nas listas Grammy ou Billboard; Roberto Benigni... É unha película que pasou de urxencia a testemuña, de descarte a compilación, algo así como un especial "25 anos de éxitos" feito con demos caseiras.



E é curioso notar a semellanza formal que se produce no seo dunha diferenza insalvable, case melancólica, entre a segunda película de Jarmusch (feita ela mesma con descartes doutra película) e *Coffee & Cigarettes*; en efecto, *Stranger than Paradise* consiste nunha serie de episodios ou curtametraxes separadas por un intervalo de imaxe a negro, filmadas nunha soa toma fixa que damos por chamar escena. Ao igual que en *Coffee & Cigarettes*, onde a única unidade narrativa ou temática dáse coa presenza en tódalas curtas de cigarros e café (menos nun), con *Stranger than Paradise* pódese pensar que a única constante entre cada plano-secuencia-escena é a presenza de tres personaxes. Pero é que nesta película búscase a máxima dramatización, a maior cantidade de "peripecias" ou alternativas que poidan chegar a ter lugar nunha unidade espazo-temporal; en concreto, hai unha enfrascada e ata forzada necesidade de entreter, de descomprimir e catalizar unha situación opresiva de por si.